



PROGRAMA PORTOMARÍN LÚDICO SEMANA SANTA 2026

BASES DE PARTICIPACIÓN

Campamento Urbán de Semana Santa

Madruza de Semana Santa

1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión ó Programa Portomarín Lúdico de Semana Santa 2026; o cal está integrado por dous servizos: **Madruza e Campamento Urbano de Semana Santa**.

Estos servizos están destinados á promoción da conciliación da vida laboral, persoal e familiar da veciñanza de Portomarín, mediante o coidado e atención á infancia e á mocidade durante o período vacacional de Semana Santa.

2.- METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar terá como piares fundamentais: a pedagogía lúdica (aprendizaxe experiencial, por descubrimento e mediante o xogo); a promoción da igualdade e a atención a diferenza (atención centrada na persoa); a cooperación como medio para o desenvolvemento integral da persoa; o diálogo e a escoita activa como ferramentas para a toma de decisións e a resolución de conflitos.

As propostas inclúen a realización de actividades lúdico-educativas, culturais, deportivas e predeportivas; as cales terán como obxectivos transversais:

- favorecer o mantemento de rutinas a adquisición de hábitos de vida saudables.
- desenvolver a co-educación en valores.
- promover a igualdade de xénero e a prevención de todo tipo de violencias.

Así mesmo, estarán contextualizadas en tempo e lugar (coñecemento sobre as efemérides locais, e o patrimonio cultural material e inmaterial da contorna), así como adaptadas as idades e necesidades das persoas participantes; favorecendo o seu desenvolvemento integral.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA E REQUISITOS

O Programa Portomarín Lúdico de Semana Santa 2026 está orientado á poboación infanto-xuvenil de entre 3 e 12 anos de idade.





Concello de Portomarín

Terán prioridade en primeiro lugar no acceso á praza os solicitantes (nais/pais/titor/titores) e os/as participantes que se encontren empadroados no concello de Portomarín con anterioridade a publicación destas bases, en segundo lugar os/as participantes matriculados no CEIP Virxe da Luz durante o presente curso escolar 2025-2026 e en terceiro lugar os fillos/as a cargo dos solicitantes que teñan a condición de empregado/a pública do concello de Portomarín.

Nos casos de divorcio onde o/a proxenitor/a empadroado/a na vila ostente a custodia da/o menor durante este período; a solicitude tramitarase conforme ao punto anterior.

Con carácter supletorio, poderán participar persoas que, non estando empadronadas, cumpran algún dos seguintes requisitos por orde de importancia:

- teñan familiares de segundo grao empadronados na vila.
- aleguen que non existe un servizo similar no seu concello de referencia e/ou que por motivos de conciliación da vida persoal, laboral e familiar precisan acudir a estes servizos no concello de Portomarín.
- outros casos de especial consideración e susceptibles de valoración por parte dos Servizos Sociais municipais.

Os/as solicitantes que non cumpran os requisitos non poderán participar no programa.

4.- Nº DE PRAZAS POR SERVIZO E/OU ACTIVIDADE

Ofertanse un total de 10 prazas para **Madruga** e 30 prazas para o **Campamento Urbán de Semana Santa**.

Para que se leve a cabo cada servizo con normalidade, deberán estar cubertas a metade das prazas dispoñibles.

Se non fose de este xeito, deberá cubrirse alomenos un tercio do grupo, para manter o servizo, coa consecuente modificación das actividades previstas.

5.- PROGRAMACIÓN E PARTICULARIDADES DO SERVIZO

De xeito xeral, os servizos desenvolveranse durante o período vacacional de Semana Santa os días 30 e 31 de marzo e os días 01, 02, 03 e 06 de abril, seguindo o almanaque establecido polo CEIP Virxe da Luz para o presente curso escolar 2025-2026; polo que as actividades darán comezo o **luns 30 de marzo** e rematarán o **luns 06 de abril do 2026**, ambos inclusive. **Os días festivos 2 e 3 de abril prestaráse servizo.**

No suposto de que os servizos sufrisen modificacións substanciais durante o período de execución, que afectasen ós días, horarios e/ou tipoloxía de actividades, debido a: condicións climatolóxicas adversas, causas de forza maior, ausencia dun mínimo de solicitudes e/ou polas necesidades detectadas no grupo de participantes. Farase un comunicado para informar ás familias usuarias dos servizos.





5.1.- Obxetivos:

- Facilitar a conciliación no ámbito laboral, familiar e personal das familias con fillos/as dende os 3 ata os 12 anos de idade.
- Manter o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.
- Fomentar a autonomía persoal e autoconfianza.
- Favorecer a relación co grupo de pares nun contexto lúdico-educativo.
- Impulsar o desenvolvemento sensorial e das habilidades perceptivo-motoras.
- Facilitar a comprensión e a orientación espacial.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a memoria visual.
- Promover a educación en valores a través das actividades colectivas; como son a tolerancia, o respecto, o esforzo, a autosuperación, a cooperación e a confianza entre outros.
- Establecer relacións equilibradas e constructivas co grupo de pares, evitando calquera tipo de discriminación, así como comportamentos agresivos e situacións de rivalidade.
- Coñecer e valorar a diversidade como oportunidade para medrar en comunidade.

5.2.- Temporalización e localización:

Os horarios do servizo de campamento serán de 10:00-14:00. As actividades incluírán xogos coopertavos, xogos de mesa, xogos de rol, saídas pola vila, manualidades sobre a pascua, actividades de cociña e actividades de animación á lectura. dos servizos incluídos no Programa Portomarín Lúdico de Semana Santa 2026 serán os seguintes:

As actividades encadradas dentro do programa desenvolveranse tanto nas instalacións municipais como noutras localizacións da vila; establecece a “instalación xuvenil municipal” sita en Rúa do Miño S/N como o punto de entrega e recollida para as familias segundo os horarios estipulados. Posteriormente o grupo desprazarase co monitorado ó lugar onde se realicen as actividades de cada xornada.

O horario do servizo madruga comprenderá de 08:30-10:00h. Neste tempo previo ao inicio do campamento realizaránse actividades lúdicas e de ocio.

5.3.- Custo do servizo e/ou actividade:

Este servizo ten un custo aproximado de 30€ por participante; o cal estará parcialmente subvencionado segundo os criterios recollidos no punto 10.2. das presentes bases, ata un máximo de 15€ por participante.





6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

É requisito indispensable para a adxudicación de praza cumprir os criterios de idade.

O criterio xeral de adxudicación de praza será o establecido conforme ao nº de orde de rexistro de entrada da solicitude por vía presencial ou telemática; o cal estará supeditado ao referido no punto 3 das presentes bases.

Deste xeito, terán prioridade na asignación de praza as persoas empadroadas na vila de Portomarín e/ou matriculadas no CEIP Virxe da Luz, e os fillos/as dos empregados públicos do concello de Portomarín fronte as non empadroadas.

Posteriormente, e no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas, a orde de prelación establecerase atendendo aos seguintes criterios:

- Nivel de renda familiar¹, priorizando as familias cunha renda per capita menor. A renda deberá de ser inferior ou igual a 6,5 veces o IPREM do 2025². A cal se verá incrementada nun 15% para familias de especial consideración, ou calquera outra situación susceptible de valoración por parte do equipo técnico de servizos sociais.
- Familias de especial consideración:
 - Familias numerosas: presentar o título oficial de familia numerosa.
 - Familias monomarentais/monoparentais: presentar o certificado oficial que acredite a situación.
 - Familias que presten coidados no entorno familiar á pers. dependentes: presentar PIA da persoa dependente convivinte.
 - Víctimas de violencia de xénero con menores a cargo: presentar a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
 - Mulleres en situación de desemprego de longa duración: presentar documento oficial que acredite a situación.
 - Mulleres maiores de 45 anos.
- Incompatibilidade horaria dos/as proxenitores/as: presentar documentos acreditativos de que ambos/as proxenitores/as están traballando durante o horario no que se presta o servizo solicitado.

¹ Cálculo da renda per cápita da UF é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2025 entre os membros computables. A renda da unidade familiar será o resultado da suma das rendas dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do IRPF.

Para as presentes bases, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- As parellas non separadas/divorciadas legalmente ou, de ser o caso, a/s persoa/s titora/s do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade non emancipados/as.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade recoñecida e/ou con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Descendentes solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada ou divorciada legalmente, cando exista custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial ou análogo, a unidade familiar entenderase constituída polas persoas proxenitoras e todas as descendentes convivintes que reúnan os requisitos do punto anterior.

² Valor do indicador público da renda de efectos múltiples 6,5 veces o **IPREM 2025: 46.800,00€/pers. (12 pagas)**.





Concello de Portomarín

No caso de presentación de solicitudes conxuntas (irmáns/irmás ou situacións asimilables), a admisión dunha persoa solicitante, suporá a admisión das restantes.

Aquelas familias que non se atopen nos supostos anteriores, ateranse ao criterio xeral de adxudicación de praza.

As persoas non admitidas por exceso de solicitudes pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida neste apartado.

No suposto de que quedasen prazas vacantes e/ou liberadas; por renuncia dalgunha persoa admitida e/ou por baixa de oficio por reiteradas ausencias sen xustificación; farase un chamamento as persoas que se atopen en lista de agarda.

7.- PROCEDEMENTO PARA SOLICITUDE

As solicitudes estarán dispoñibles no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Portomarín <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> e na oficina de Servizos Sociais do concello.

As solicitudes serán cursadas por unha persoa adulta, responsable do/a menor, coa conformidade da outra persoa proxenitora; mediante o modelo de solicitude facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I).

O prazo de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación das presentes bases na sede electrónica, taboleiro de anuncios ou calquera outro medio que se considere idóneo co obxecto de promover a súa difusión pública. Dito prazo finalizará o 23 de marzo as 00:00hs.

O copago polo servizo será calculado segundo os descontos que corresponda aplicar.

NON SE PODERÁ REALIZAR O PAGAMENTO ANTES DA PUBLICACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS NA ACTIVIDADE.

O pago realizarase nun prazo de dous días hábiles publicada a lista definitiva de participantes admitidos e excluídos. No caso de non abonar o importe entenderase excluído. Deberá de ingresarse no número de conta: **IBAN ES23 2080 0172 0431 1000 0011**; facendo constar o Nome e Apelidos da persoa solicitante e o servizo. EXEMPLO: María Pérez Pérez, Campa Semana Santa.



Concello de Portomarín

O xustificante do pagamento deberá de ser entregado nos Servizos Sociais municipais ou ben na oficina de rexistro municipal con naterioridade ao comezo das actividades.

Á presentación da solicitude supón a aceptación das presentes bases e o tratamentos dos datos persoais segundo a lexislación vixente³.

As solicitudes e documentación complementaria poderán presentarse a través da:

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.1.- Documentación mínima que comprende e acompaña á solicitude:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado (ANEXO I).
- Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Copia dos DNI da persoa participante e das titoras legais. No caso de que outras persoas sexan as responsables de deixar e recoller ó/á menor, deberá constar na solicitude e achegar copia dos DNI das persoas autorizadas.
- Copia do libro de familia ou folla do rexistro civil

7.2.- Documentación a aportar para adxudicación prioritaria de praza:

- Declaración de ingresos da unidade familiar (ANEXO II).
- Certificación da condición de empregado público do concello de Portomarín.
- Familias numerosas: título oficial de familia numerosa.
- Familias monomarentais/monoparentais: certificado oficial acreditativo.
- Víctimas de violencia de xénero: acreditación da condición de vítima de violencia de xénero con menores a cargo.
- Mulleres en situación de desemprego de longa duración: documento oficial que acredite a situación.
- Mulleres maiores de 45 anos: DNI da proxenitora/titora legal da/o participante.
- Para a acreditación da incompatibilidade horaria dos/as pais/nais ou titores/as:
 - Persoas traballadoras por conta allea: certificado da empresa no que se acredite o horario laboral e o periodo de vacacións de 2026.
 - Persoas traballadoras por conta propia (autónomas): declaración xurada onde conste a xornada laboral e o periodo de vacacións de 2026; máis o recibo da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

7.3.- Documentación acreditativa da situación obxecto de bonificación:

- Familias numerosas: título oficial de familia numerosa.
- Familias monomarentais/monoparentais: certificado oficial acreditativo.

³ Os datos aportados serán incorporados aos ficheiros do Concello de Portomarín, e tratados de conformidade coa normativa vixente no exercicio dos poderes públicos e as obrigacións legais conferidos a este órgano. Poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixindo a solicitude á Prza. do Camiño s/n; C.P. 27170, Portomarín, Lugo.





Concello de Portomarín

- Víctimas de violencia de xénero: acreditación da condición de vítima de violencia de xénero con menores a cargo.
- Persoas con discapacidade (superior ao 33%): certificado expedido pola Xunta de Galicia.
- Irmáns/irmás (ou asimilados a efectos legais) inscritos no/s mesmo/s servizo/s.

A presente administración resérvase o dereito a poder solicitar calquera outra documentación complementaria ou adicional á requerida; en calquera momento dentro do período de execución do Programa, previa comunicación ás familias.

8.- PUBLICACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na sede electrónica <https://portomarín.sedelectronica.gal/info.0> a relación de persoas admitidas e excluídas.

No caso das persoas excluídas por erro na presentación da solicitude, haberá un prazo de dous días naturais para subsanación.

No suposto de que o erro persista, non se cumpran os requisitos mínimos e/ou o número de solicitudes supere as prazas ofertadas, a persoa solicitante quedará excluída de xeito permanente; polo que se procederá á devolución da cuota de inscrición.

No suposto de que, por renuncia dalgunha persoa admitida, quedasen prazas dispoñibles, farase un chamamento as persoas en lista de agarda, para que poidan ocupar as prazas liberadas.

9.- FUNCIONAMENTO E NORMAS DE CONVIVENCIA

As persoas participantes estarán acompañadas en todo momento por persoal cualificado, que reúne a titulación e cumpre os requisitos para traballar de xeito habitual con menores. Este persoal poderán ser propio do concello, ou ben, contratado pola empresa adxudicataria do servizo.

A coordinación xeral dos servizos e recaerá no persoal de Servizos Sociais do concello de Portomarín, polo que calquera consulta, incidencia e/ou reclamación deberá ser remitida a este servizo, a fin de ser resolta na maior brevidade posible.

Non se permitirá o acceso ás instalacións onde se desenvolva o servizo, de ningunha persoa allea; é dicir, só terán acceso a ditos espazos as persoas participantes, o equipo técnico que desenvolve a actividades e o persoal responsable da coordinación do Programa e/ou das instalacións.



9.1.- Normas de funcionamento interno e convivencia:

- Prégase puntualidade nos horarios de entrada e saída do servizo. A falta de puntualidade na recollida das persoas participantes poderá supoñer a perda do dereito á prestación do servizo.
- Non se poderá faltar sen xustificar máis de tres días. De ser así darase de baixa do servizo, sen dereito a reintegro da cuota de inscrición. No suposto de producirse algunha ausencia puntual (enfermidade, etc.), deberá comunirse na maior brevidade posible.
- Calquera circunstancia e/ou necesidade que presente a/o menor deberá de ser informada na solicitude, coa finalidade de atender á diferenza e establecer os apoios e/ou as adaptacións precisas para favorecer a participación.
- Será esencial manter un clima de respecto e empatía cara o equipo técnico que realiza as actividades, como hacia o resto de persoas participantes. No caso de que o comportamento dun/ha participante afecte ao funcionamento do servizo procederase a avisar á familia; e de persistir, tomaranse as medidas que sexan necesarias para garantir o bo desenvolvemento do servizo.
- Cada participante deberá traer auga e merenda (saudable), así como as cousas necesarias para cada día de actividade (ver recomendacións de equipamento). Non estará permitido compartir alimentos, para minimizar o risco de sufrir problemáticas derivadas das intolerancias e alerxias alimentarias.

9.2.- Recomendacións sobre o equipamento:

- Uso habitual dunha mochila pequena, de dúas asas e cómoda para traer: a auga, a merenda (recoméndase traer bocadillo, froita ou calquera outro alimento saudável).
- Uso habitual de roupa deportiva, calzado pechado con calcetíns e chubasqueiro.
- Muda e/ou roupa e calzado de recambio para posibles incidencias.
- Recoméndase que todos os equipamentos susceptibles de ser extraviados veñan debidamente etiquetados co nome da persoa participante.

10.- PREZOS E CRITERIOS SUBVENCIONABLES

Con arranxo a normativa vixente, o concello de Portomarín establecerá dotacións orzamentarias para sufragar parte dos custos derivados da prestación do servizo.

Conforme ao estudo de custos e financiamento realizado a tal efecto, o prezo do servizo; así como os descontos aplicables, serán os seguintes:





Concello de Portomarín

10.1.- Prezo xeral por participante sobre o campamento (prezo sen desconto): 30€ por praza. O servizo madruga será de balde.

10.2.- Descontos aplicables por participante:

Nº	Criterios específicos	Desconto aplicable
1	- Solicitante empadroada no concello de Portomarín. - Alumnado matriculado no CEIP Virxe da Luz. - Solicitante condición de empregado público do concello de Portomarín.	10€
2	- Familia numerosas, familias monomarentais/monoparentais. - Mulleres vítima de violencia xénero con fillos a cargo.	5€
3	- Solicitantes con discapacidade recoñecida (superior ao 33%).	5€
4	- Irmáns/irmás (ou asimilados a efectos legais) inscritos no/s mesmo/s servizo/s.	5€

Como norma xeral, os descontos aplicables por cumprir os criterios 2, 3, e 4 non serán acumulables entre sí. Así mesmo, o importe máximo subvencionado polo concello de Portomarín ascenderá a 15€ por participante.

No suposto de familias con circunstancias excepcionais de extrema vulnerabilidade, poderá eximirse por completo do pago establecido, previo informe social favorable.

11.- MODIFICACIÓNS, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN DO/S SERVIZO/S

O Programa Portomarín Lúdico de Semana Santa 2026 poderá sufrir modificacións, suspensións parciais ou a total cancelación, se existisen causas de forza maior que motivasen a aplicación de estas medidas, para garantir a seguridade e saúde das persoas participantes, do equipo de profesionais, e das familias.

Tamén será motivo de cancelación do servizo que non se alcance o número mínimo de participantes; o cal está recollido no punto 4 de estas bases.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes coa maior brevidade posible.

Asinado electrónicamente á marxe do documento

O Sr. Alcalde en funcións

Javier Rodríguez Vázquez





Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN LÚDICO SEMANA SANTA 2026

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS DO/A MENOR (cubrir unha solicitude por participante)

Nome e Apelidos:			
DNI (se ten):		Tarxeta sanitaria:	
Data de nacemento:		Idade:	
Dirección:			
Localidade:		Provincia:	
En caso de solicitude conxunta, ¿quén é/son a/s outra/s persoa/s solicitante/s?			

SERVIZO MADRUGA (Indicar os días da semana e horario que precisará o servizo de ser o caso):

Luns (08:30-10:00h)	Martes(08:30-10:00h)	Mércores(08:30-10:00h)	Xoves (08:30-10:00h)	Venres(08:30-10:00h)

DATOS PERSOAIS PAI/NAI, TITOR/A E/OU REPRESENTANTES LEGAIS

Nome e Apelidos:			
DNI:		Sinatura:	
Teléfono:			
Nome e Apelidos:			
DNI:		Sinatura:	
Teléfono:			
No caso de separación ou divorcio, especificar quen ostenta a custodia nas datas da actividade.			

Nota: As persoas asinantes DECLARAN a veracidade dos datos facilitados no presente documento, sendo responsable de calquera falsedade, omisión ou inexactitude.





Concello de Portomarín

OUTRAS PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO/A MENOR

Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	

DATOS MÉDICOS DO/A PARTICIPANTE

De ser o caso, enfermidades infecto-contaxiosas e/ou calquera patoloxía que padeza:

Patoloxías	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta tto: (só se a trae as actividades)
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	

De ser o caso, alerxias, intolerancias o particularidades alimenticias da participante:

Alerxia, intolerancia e/ou particularidades	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta tto: (só se a trae as actividades)
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	

Facer referencia a calquera circunstancia e/ou necesidade que a persoa participante poida presentar durante o desenvolvemento das actividades:

Discapacidade recoñecida	Grao	Necesidades que pode presentar:
Outras circunstancias sanitarias a ter en conta		





Concello de Portomarín

OUTROS DATOS E INFORMACIÓN RELEVANTE DO/A PARTICIPANTE

Autoriza ás salidas do recinto para desenvolver as actividades incluídas no Programa Portomarín Lúdico de Semana Santa 2026	SÍ	NO
Autoriza á publicación e uso de imaxes recollidas durante o Programa Portomarín Lúdico de Semana Santa 2026	SÍ	NO
Autoriza ó desprazamento sen acompañante ó finalizar as actividades do Programa Portomarín Lúdico de Semana Santa 2026 ⁴	SÍ	NO
Autoriza a cesión de datos persoais do/da menor por parte do concello de Portomarín co obxecto da cobertura dunha póliza de accidentes a unha empresa aseguradora.	SÍ	NO
Autoriza a que os datos de teléfono sexan incluídos nunha base de datos para a creación de listas de difusión a través de whatsapp relacionadas coa actividade	SÍ	NO

CUSTO DO SERVIZO (importe calculado segundo corresponda)

Importe total previo á aplicación dos descontos municipais (custo total dos servizos sen aplicar os descontos que corresponda)	30 €
Importe total do desconto (máximo 15€ por participante⁵) (calculado segundo os descontos que corresponda aplicar)	_____ €
Importe total a ingresar⁶ (IBAN ES23 2080 0172 0431 1000 0011) (calculado en base aos importes anteriores)	_____ €

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA Á SOLICITUDE (marcar a que corresponda)

Documentación mínima que comprende e acompaña á solicitude:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado (ANEXO I).
- Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Copia dos DNI da persoa participante, das titoras legais e das autorizadas.
- Copia do libro de familia ou folla rexistro civil

⁴ Porque como responsables da garda do/a menor, estimamos que ten a suficiente madurez e responsabilidade para abandonar e/ou facer calquera **traslado tras a finalización das actividades sen supervisión** dunha persoa adulta responsable do seu coidado.

⁵ Segundo o punto 10.2 das bases de participación do Programa Protomarín Lúdico de Semana Santa 2026.

⁶ Facendo constar o Nome e Apelidos da persoa solicitante e o servizo. Exemplo: María Pérez Pérez, Campa Sem Santa.





Concello de Portomarín

Documentación para adxudicación prioritaria de praza e/ou bonificación:

- Declaración de ingresos da unidade familiar (ANEXO II).
- Certificado condición de empregado/a público do concello de Portomarín.
- Título oficial de familia numerosa.
- Certificado oficial que acredite a monomarentalidade/monoparentalidade.
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
- Documento oficial que acredite a situación de desemprego de longa duración da proxenitora e/ou titora legal do/a participante.
- DNI da proxenitora/titora legal da persoa participante (con máis de 45 anos).
- Certificado de discapacidade (superior ó 33%) expedido pola Xunta de Galicia.
- Solicitudes conxuntas de irmáns/irmás (ou asimilados a efectos legais) inscritos no/s mesmo/s servizo/s.
- Certificado da empresa (persoas traballadoras por conta allea).
- Declaración xurada e recibo Tesourería Xeral da Seguridade Social (persoas traballadoras por conta propia).
- Copia do convenio regulador, ou declaración xurada.

A documentación ao ser comezo de ano deberá de ser aportada por todos/as os solicitantes. Non se tomará como válida a aportada en anos anteriores para este procedemento. Por outro lado, nas actividades que se vaian a levar a cabo neste 2026 non terán que aportar de novo a documentación xa presentada.

A sinatura e presentación da solicitude supón a aceptación das bases da convocatoria e o tratamento dos datos⁷.

En Portomarín, a ____ de _____ de 2026.
(Obrigatoria sinatura de ambos proxenitores/tiror/tiros)

Asd. (nai/titora/representante)

Asd.(pai/titor/representante)

⁷ Os datos aportados serán incorporados aos ficheiros do Concello de Portomarín, e tratados de conformidade coa normativa vixente no exercicio dos poderes públicos e as obrigacións legais conferidos a este órgano. Poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixindo a solicitude á Prza. do Camiño s/n; C.P. 27170, Portomarín, Lugo.





Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN LÚDICO SEMANA SANTA 2026

ANEXO II: DECLARACIÓN DE INGRESOS en relación ao IPREM do 2025⁸

D/Dna. _____, con
DNI _____, en calidade de pai/nai e/ou titor/a legal de
_____, declaro que os ingresos da unidade
familiar na que se integra a persoa participante

- SI, supera o IPREM do 2025 en 6,5 veces
- NON, supera o IPREM do 2025 en 6,5 veces

Nos supostos sinalados no punto 6 das bases de participación sobre familias de especial consideración; o límite varese incrementado nun 15% máis.

En Portomarín, a _____ de _____ de 2026

Asd. (nai/titora/representante)

Asd.(pai/titor/representante)

⁸ Valor do indicador público da renda de efectos múltiples 6,5 veces o IPREM 2025: **46.800,00€/persoa** (para 12 pagas).